

AGRICULTURA ECOLÓGICA



Índice:

- Qué é a agricultura ecolóxica?
- Cando se orixina a agricultura ecolóxica?
- A evolución da agricultura ecolóxica .
- Importancia da agricultura ecolóxica para o medio.
- Principios básicos da agricultura ecolóxica.
- Situación actual da agricultura ecolóxica en Galicia e España.
- Bibliografía.

Qué é a agricultura ecolóxica?

A agricultura ecolóxica defínese como un grupo de sistemas de produción empeñados en producir alimentos libres de contaminantes químicos de alto valor nutricional e organoléptico.. Esto consíguese aplicando, sempre que sea posible, métodos agronómicos, biolóxicos e mecánicos, en contraposición á utilización de materiais sintéticos para desempeñar calquer función específica do sistema.

A agricultura natural, a agricultura indíxena, a agricultura familiar, a agricultura campesina, son exemplos de agricultura ecolóxica que buscan o equilibrio co ecosistema, son sistemas agrícolas sostibles, que ao longo do tempo mantivéronse en distintas rexións do mundo buscando satisfacer a demanda de alimento natural e nutritivo ás persoas e aos animais, de forma que o agroecosistema manteña o equilibrio. A agricultura biodinámica, e a permacultura, tamén son exemplos da agricultura ecolóxica xa que comparten algunos dos seus principios e métodos cos exemplos de agricultura anteriores, pero son máis recentes.

Cando se orixina a agricultura ecolóxica?

Podemos pensar que os sistemas de produción ecolóxica foron desenvolvidos recentemente ou que son sistemas tradicionais de facer a agricultura. Pero non é ningunha das dúas opcións. A agricultura ecoloxía débese a que os agricultores tradicionais, produto da súa interacción co medio ambiente e os escasos recursos para producir sen deteriorar os que xa poseía (suelo, agua, árboles, etc.), empregaron como principal ferramenta de traballo os seus coñecementos sobre o funcionamento da natureza, obtidos pola transmisión xeneracional e pola súa relación co medio natural, o cal coñece e respecta.

A agricultura ecolóxica moderna emprega moitas innovacións tecnolóxicas e basea as prácticas que emprega nun alto coñecemento sobre a ecoloxía, suelos e a nutrición das plantas, o manexo das plagas e plantas adventicias, o potencial xenético e biolóxico de cultivares e animais, así como un mellor manexo das técnicas agrícolas e gandeiras. Todo isto é necesario que se empregue para ter éxito na transición hacia un sistema de produción ecolóxico.

A evolución da agricultura ecolóxica .

Existen diversas orientacións da agricultura que foron evolucionando ata o día de hoxe das cales se obtiveron distintas técnicas e aportacións para a agricultura ecolóxica:

Agricultura biolóxica → El británico Sir Albert Howard puede ser considerado como el autor principal o precursor de este estilo, a súa investigación publicada en 1940 recolle a preocupación do deterioro do chan debido á intensificación da produción agraria levando así a desenvolver este tipo de agricultura creada principalmente pola consideración do británico que dicía que a saúde do chan era a base da saúde das plantas, animais e seres humanos. Esta idea convertiuse nun dos pilares básicos da agricultura ecolóxica.

Agricultura natural (método Fukuoka) → Este método foi creado e difundido polo xaponés Masanobu Fukuoka e consiste en reproducir as condicións naturais tan fielmente como sexa posible de modo que o chan se enriqueza progresivamente e a calidade dos alimentos cultivados

aumente sin ningún esforzo añadido e sen alterar o chan en ningún momento. Fukuoka practica cinco principios fundamentais de manexo nos que non se interveñen e non se forzan as cousas: non arar, non eliminar malas herbas nin usar herbicidas, non usar pesticidas, non podar, non usar abonos nin fertilizantes e no seu lugar usar bolas de arcilla .

Permacultura → Formulada polos australianos Bill Mollison e David Holmgren en 1978 e está inspirada na filosofía da agricultura natural. A permacultura vai dirixida a diseñar sistemas de produción agrícola integrados tanto nas cidades, como en zonas marxinais, xeralmente de montaña. Trétase por tanto de colectivos culturalmente urbanos que pretenden dedicarse á agricultura a tempo parcial, co obxectivo da autosuficiencia defendendo tres principios básicos: o coidado da terra (uso responsable e coidadoso dos recursos), coidado das persoas (tómase en conta os dereitos de toda a xente, dos pobos e comunidades) e a repartición xusta (distribuír tanto a poboación como o consumo humano).

Agricultura biodinámica → É un método baseado nas teorías de Rudolf Steiner, baséase na influencias dos astros sobre a produción agrícola, algo así como astroloxía aplicada á agricultura. Os agricultores biodinámicos conciben a granxa como unha entidade orgánica que á súa vez contén organismos interdependentes. Faise hincapé na integración dos cultivos e da gandería, o reciclaxe de nutrientes, o mantemento do chan, e a saúde e benestar dos cultivos e dos animais. Os abonos verde e a rotación de cultivos son amplamente empregados neste método.

Importancia da agricultura ecolóxica para o medio.

A agricultura ecolóxica estase configurando como unha alternativa non só boa para a saúde, senón que tamén para o medio ambiente (como xa vimos anteriormente) e o desenvolvemento de terceiros países. Diferéncianse tres dimensións da sustentabilidade que podemos aplicar á alimentación e ao sistema que a sostén, o sistema agroalimentario; que sea ambientalmente sá, que sexa socialmente xusta e que sexa economicamente viable. Reúnense estas tres dimensións para que a agricultura ecolóxica se convirta na base da alimentación do futuro.

Principios básicos da agricultura ecolóxica.

A agricultura ecolóxica rixe por un grupo de principios básicos os cales se levaron a cabo para as distintas evolucións desta como xa falamos anteriormente:

O chan é un dos principios básicos máis importantes xa que existe unha gran diferenza entre a agricultura ecolóxica e a convencional e é a maneira de tratar o chan. Para a agricultura ecolóxica, o chan é un sistema biolóxicamente activo e o seu elemento máis importante, mentres que para a agricultura convencional o chan é un mero soporte mecánico da planta. Deste depende da transformación da materia orgánica e do ciclo dos nutrientes.

A protección de las plantas tamén é outro principio fundamental debido a que se estas están nutridas correctamente, permitirá que desenvolvan un metabolismo equilibrado e saudable. Unido a isto, é indispensable manter un chan biolóxicamente activo e equilibrado, así como sistemas de cultivos e manexo da vexetación natural que permitan a existencia dunha fauna variada onde abunden os organismos chamados controladores biolóxicos.

Conservar a natureza e restablecer os equilibrios naturais as fincas ecolóxicas deben ser arborizadas

de forma conveñente con especies que florezcan durante o maior tempo posible, xa que constitúen refuxio, zonas de reprodución e alimento para a fauna benéfica, que será a que terá baixo control a aqueles organismos que se poden transformar en plagas.

Situación actual da agricultura ecolóxica en Galicia e España.

O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) exerce o control en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Protexe todas as producciones agrícolas vexetais e animais non transformadas, os produtos agrícolas vexetais e animais transformados, destinados á alimentación humana, e os alimentos, piensos compostos e materias primas para a alimentación animal. Estes produtos poseen a máxima calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, ademais de manter as súas propiedades alimenticias e de madurez durante máis tempo.

En España reúnense todas as condicións para o desenvolvemento deste tipo de agricultura polo súa favorable climatoloxía e os sistemas extensivos de produción que se aplican nun gran número de cultivos. No que respecta á produción animal, a conservación dun patrimonio xenético importante de razas autóctonas, de gran rusticidade na súa maioría e adaptadas ao medio, favorece a súa cría e explotación en réxime extensivo. Todo aquilo, sen olvidar a tradición e o desenvolvemento alcanzado pola apicultura, cuxo manexo coidadoso deu lugar á obtención de produtos de gran calidade pola abundancia e variedade da flora melífera existente.

Bibliografía

https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/principios_basicos.pdf

<https://www.galiciacalidade.gal/ES/certificacion-detalle/Agricultura-ecologica>

https://www.mapa.gob.es/en/alimentacion/temas/produccion-ecologica/default_antigua.aspx

https://es.wikipedia.org/wiki/Agricultura_ecol%C3%B3gica